

1. Que pretenden os autores con este manifesto?

Os autores do manifesto, non queren facer, como se fai noutras literaturas a creación dunha nova tendecia ou ismo, senón que queren criticar aos vellos. Díríxense á mocidade comprometida e indican que é preciso dar un cambio radical á literatura, que ten que adaptarse á nova realidade social, política e cultural. Rexeitan o ruralismo, os vellos e proponen unha literatura sen corsés temáticos (temas obrigados) e defenden o individualismo, isto é, que cada autor será libre, sen atarse a tendencias. Menos o pasado, calquera cousa é válida.

2. Cal é a diferenza entre os vellos e os devanceiros? Explica coas túas propias palabras.

Para os autores os vellos son os autores contemporáneos que escriben como “se vivesen no antronte dos séculos”, isto é, os autores que escriben seguindo as liñas temáticas e formais do século XIX; mentres que os devanceiros son os autores do pasado, estes non son cuestionados, xa que, segundo se di no texto “non tiveron culpa de vivir nun tempo de choída incultura castelá”, no manifesto tamén se afirma que estes autores son respectados, mais non admirados, xa que non atopan nada de bo neles.

3. Que autores aparecen expresamente atacados no manifesto? Busca información sobre eles e elabora unha pequena biografía de cada un deles (2 ou 3 liñas por autor)

- Lamas Carvajal: xornalista e un dos autores do Rexurdimento. Fundou *O tío Marcos da Portela*, o primeiro semanario en galego, ademais dirixiu outros xornais. É autor do *Catecismo do labrego*, un dos libros de máis suceso da literatura galega, de ambiente costumista e ruralista.
- Curros Enríquez: un dos tres grandes autores do Rexurdimento, destaca pola súa poesía fondamente anticlerical e social. Emigrrou a Cuba e alí continuou co seu activismo político e cultural, impulsou a RAG.
- Pondal: un dos tres grandes autores do Rexurdimento, e un expoñentes do Rexionalismo, destaca pola súa poesía culta e os referentes ao bardismo, pregoa a liberación do pobo galego baseada nun pasado mítico celta.
- Rosalía de Castro: expoñente do Rexurdimento, a publicación dos *Cantares Gallegos* marca o inicio do Rexurdimento. Destaca pola súa poesía intimista e cívica, retrata ao pobo e especialmente as mulleres. Estivo casada con Murguía, referente do rexionalismo.
- Valle-Inclán: cultivou todos os xéneros, aínda que destacou como dramaturgo. Nado en Vilanova de Arousa, compartiu con Murguía e outros rexionalistas. Desenvolveu case toda a súa obra en castelán, é duramente cuestionado no manifesto polo emprego da lingua castelá, ao igual que os seus seguidores e todos os autores galegos que escriben en castelán.

4. Que expresións ou correntes literarias son atacadas no texto? Por que pensas que o fan?

Os autores do manifesto atacan especialmente o ruralismo, a literatura de temática e ambientes rurais e tamén cuestionan o paisaxismo, que consideran baleiro. Critican isto, xa que un cambio político en Galicia debe implicar tamén un cambio estético e literario, todo o manifesto leva implícito ese cambio cara á modernidade, non ancorarse no pasado.

5. Que opinión teñen da lingua e que modelo de lingua buscan?

Mostran unha defensa total da lingua galega, sen ningunha concesión, mais o modelo de lingua que promoven ten que ser persoal, libre de normas e ataduras, isto é, tamén un modelo de lingua nova. Como xa dixemos, critican duramente aos autores galegos que escriben en castalán. Tamén indican que a loita política non debe invadir a poesía, a cuestión política ten que ir por outras canles.